

A represión dos mestres republicanos de Muros

(The repression of the Republican Schoolteachers of Muros)

Narciso DE GABRIEL
Universidade da Coruña

RESUMO: Muros foi o concello da provincia da Coruña cuxo maxisterio sufriu con máis contundencia a represión dos militares sublevados contra a República en 1936: o 48% dos seus docentes foron separados definitivamente do ensino. Neste artigo analízanse, en primeiro lugar, as sancións aplicadas e os cargos formulados, prestando especial atención aos de natureza política e relixiosa. A continuación, reconstruímos as historias de catro mestres que, ademais da depuración profesional, experimentaron a prisión, o exilio e mesmo a morte: Francisco Rodríguez Suárez, Xosé Tobío Mayo, Rafael Pardo Carmona e Jesús Álvaro López Brenlla.

PALABRAS CHAVE: Muros; represión franquista; depuración do maxisterio; consellos de guerra; Francisco Rodríguez Suárez; Xosé Tobío Mayo; Rafael Pardo Carmona; Jesús Álvaro López Brenlla.

ABSTRACT: Muros was the town in the province of A Coruña that was hardest hit by the military uprising against the Republic in 1936 : 48% of the town's teachers were permanently expelled from the profession. This article begins with an analysis of the sanctions and charges imposed upon them, particularly those of a political or religious nature. The second part reconstructs the stories of four teachers who, apart from suffering professionally from the purge, were sentenced to prison, forced into exile or even executed: Francisco Rodríguez Suárez, Xosé Tobío Mayo, Rafael Pardo Carmona and Jesús Álvaro López Brenlla.

KEYWORDS: Muros; Francoist repression; purge of teachers; court martials; Francisco Rodríguez Suárez; Xosé Tobío Mayo; Rafael Pardo Carmona; Jesús Álvaro López Brenlla.

O propósito deste traballo é considerar a represión de que foi obxecto o maxisterio no concello coruñés de Muros a partir de 1936. Unha vez identificados os mestres e mestras sancionados como consecuencia do proceso de depuración ao que case todos foron sometidos, as sancións que se lles impuxeron e os cargos que se lles apuxeron, analizaremos catro casos, que tiveron como protagonistas a Francisco Rodríguez Suárez, Xosé Tobío Mayo, Rafael Pardo Carmona e Jesús Álvaro López Brenlla.

Utilizaremos basicamente dous tipos de fontes: os expedientes de depuración, depositados no Arquivo Xeral da Administración (Alcalá de Henares), e as causas instruídas polas autoridades militares, conservadas no Arquivo Intermedio da Rexión Militar do Noroeste (Ferrol).

Sanccións e cargos

Muros foi o concello coruñés cuxo maxisterio sufriu con máis contundencia a represión dos militares sublevados en 1936¹. Os expedientes de depuración de dúas das súas mestras e de nove dos seus mestres resolvéronse coa separación definitiva do ensino, o que representaba o 48%, aínda que no caso dos homes ascendía ao 83% e no das mulleres descendía até o 15%². Estas resolucións fixéronse públicas en 1940, agás unha que corresponde a 1941, mais as autoridades militares xa decretaran no verán de 1936 a destitución das dúas mestras e de oito dos nove mestres –Joaquín Fernández Cambeiro fora suspendido de emprego e soldo³, e acabaran coa vida de dous deles: Jesús Álvaro López Brenlla (Louro) e Rafael Pardo Carmona (Baño-Serres)⁴. Así pois, o proceso de depuración, neste coma noutros concellos, confirmou, no fundamental, o traballo realizado previamente polos militares.

Serán estas once persoas as que centren a nosa atención, aínda que houbo outro mestre, Joaquín Barreiro Paradela, inhabilitado para exercer o ensino, castigo que se apli-

¹ Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez, “De Padrón a Muros. A represión educativa e cultural, 1936-1950”, *Barbantía* (2010): 53-101; Narciso de Gabriel, “O proceso de depuración do maxisterio na provincia da Coruña”, *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación* 21 (2017): 119-158; Jesús M. García Díaz, *La depuración del magisterio nacional en la provincia de A Coruña* (A Coruña: Fundación Luis Tilve, 2018). Sobre a represión en xeral, poden lerse, entre outros, Carlos F. Velasco Souto, *Represión e alzamento militar en Galiza* (Vigo: A Nosa Terra, 2006); Emilio Grandío (ed.), *Anos de odio. Represión e Guerra Civil na provincia da Coruña* (A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2007); Julio Prada Rodríguez, *Geografía de la represión franquista en Galicia* (Madrid: Los Libros de la Catarata, 2011); Xosé Ramón Ermida Meilán, *Mortos por amor á Terra. A represión sobre o nacionalismo galego (1936-1960)* (Santiago de Compostela: Sermos Galiza, 2016); Xosé Ramón Ermida Meilán e outros (coords.), *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron* (Santiago de Compostela: Sermos Galiza, 2017); e Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho (eds.), *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo* (Vigo: Galaxia, 2018).

² As porcentaxes de sancionados e separados por concellos na provincia da Coruña foi publicada no artigo da miña autoría citado na nota anterior, e quero aproveitar a ocasión para deixar constancia de que na táboa correspondente (pp. 136-137), e no tocante aos concellos comprendidos entre Mesía e Oza dos Ríos e entre Paderne e Zas, as columnas referidas a “sanccións” e “separacións” aparecen intercambiadas debido a un erro de composición.

³ Sofía Mesejo Vázquez, mestra de Serres, tamén fora suspendida de emprego e soldo (BOP, 25/8/1936) e posteriormente destituída (BOP, 15/9/1936), aínda que o seu expediente de depuración concluíu con todos os pronunciamentos favorábeis (BOP, 20/12/1938).

⁴ Unha visión panorámica dos mestres e mestras asasinados na provincia coruñesa pode lerse no meu traballo “Os mestres mortos daquel verán”, *A Trabe de Ouro*, 108 (2018): 15-34. Unha relación relativamente completa referida ao conxunto de Galicia publicouse en *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 21 (2017): 239-244. Un dos asasinados, Pedro López Vázquez, pertencía ao concello de Carnota, que linda con Muros; Luís Lamela García fai referencia a el en *Escapado. Do monte do Pindo ao exilio pasando pola illa de San Simón* (Vigo: Xerais, 2009), 67-68, e a súa ficha está rexistrada na base de datos *Nomes e Voces*.

caba aos interinos e que tiña efectos similares á separación definitiva e baixa na escala ditada para os funcionarios (Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en adiante BOP, 27/3/1942)⁵. Sancións menores recaeron sobre Alejandro Castiñeiras Rodríguez (traslado dentro da provincia, BOP, 24/12/1937) –exercerá como xefe da Falanxe de Muros– e María Agustina Rico Lago (suspensión de emprego e soldo por seis meses e traslado fóra da provincia durante cinco anos, BOP, 8/7/1940)⁶.

Non se formularon cargos contra os dous mestres asasinados, polo que só dispomos dos de nove das 11 persoas que nos ocupan. Como é sabido, os cargos eran redactados polas comisións depuratoras provinciais a partir dos informes emitidos polo alcalde, o párroco, a Garda Civil e un pai de familia, aos que se podían unir outros informantes, se os depuradores o estimaban conveniente. Unha vez que chegaban aos seus destinatarios, estes tiñan un prazo de dez días para se defenderen.

Pois ben, as dúas mestras e os sete mestres foron acusados de se relacionaren, de diferentes formas e con distintas intensidades, coa Fronte Popular que se formara en España para concorrer ás eleccións de febreiro de 1936 e facer fronte así á ameaza do fascismo, a semellanza do que tamén aconteceu noutros países europeos⁷.

María Membiela Rodríguez (Baño-Serres) foi acusada de prestar apoio⁸; Xosé Tobío Mayo (Pósito Marítimo de Esteiro) de ser militante activo⁹; Manuel Alonso Asorey (Esteiro) de afiliación e de asistencia a reunións¹⁰; Libertad Carmen Alonso Puente (Esteiro) de pertenza e de propaganda nas eleccións de febreiro de 1936¹¹; Joaquín Fernández Cambeiro (Tal)¹², Andrés Sánchez Toro (Bornalle-Abelleira)¹³, José Ballesta Serrano (Pósito Marítimo de Louro)¹⁴ e Paulino Núñez de Arenas (Riomaior-Esteiro)¹⁵ de exercerem como propagandistas nesas mesmas eleccións, coa agravante para o terceiro de actuar como interventor e para o último de formar parte dunha mesa electoral; e, finalmente, Francisco Rodríguez

⁵ Por esta razón incluímolo entre os separados ao calcular as porcentaxes reproducidas no parágrafo anterior.

⁶ Ademais das sancións profesionais, o maxisterio sufriu, ao igual que o resto da cidadanía, outras medidas represivas, como é o caso das derivadas das responsabilidades políticas que se lles apuñan. Nos concellos estudados por Xesús Costa Rodil e Xesús Santos Suárez, dos 117 procesados por este motivo cuxa profesión é coñecida, 7 eran mestres. Véxase *Do Sar ao Monte Louro. Memorial da represión* (A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2019), 242.

⁷ José Luis Martín Ramos, *El Frente Popular. Victoria y derrota de la democracia en España* (Barcelona: Pasado & Presente, 2015).

⁸ Archivo General de la Administración (en adiante, AGA), 32/12513-21. Sempre que non se sinale outra procedencia, deberá entenderse que os datos proceden do expediente de depuración de cada mestre ou mestra.

⁹ AGA, 42/8786-7.

¹⁰ AGA, 32/12511-11.

¹¹ AGA, 32/12511-13.

¹² AGA, 32/12510-25.

¹³ AGA, 32/13337-19.

¹⁴ AGA, 32/12510-2.

¹⁵ AGA, 32/12521-9.

Suárez (Serres) era considerado un “fogoso e intenso propagandista” desta organización, a cuxo triunfo electoral contribuíra¹⁶.

Formar parte de organizacións esquerdistas, extremistas, subversivas, marxistas, socialistas ou comunistas, profesar estas ideas ou contribuír á súa difusión, asistir a reunións deste carácter ou a promover o sindicalismo entre os sectores populares son acusacións que aparecen, en singular ou plural, en todos os casos agás nun.

O terceiro cargo máis frecuente era a pertenza á FETE, unha federación sindical que tamén estaba integrada na Fronte Popular¹⁷. A Comisión entendía que se daba tal circunstancia en cinco dos sete mestres e nunha das dúas mestras. Menos peso tiña o auxilio ás familias dos mestres presos por mor dos sucesos revolucionarios de 1934, que só se lle apuxo a Francisco Rodríguez Suárez.

No tocante á actuación escolar, son sete os docentes acusados de imprimiren ao ensino unha orientación esquerdistas, e xa que logo antiespañola, ou de aprenderen a cantar a Internacional ou a saudaren co puño ergueito aos escolares, e cinco de faceren algún tipo de propaganda antirreligiosa.

Manuel Alonso Asorey “tenía en la escuela libros de lectura que menospreciaban a las clases sociales superiores”¹⁸ e “insultaba a los niños que iban a misa”; a docencia de Libertad Carmen Alonso Puente estaba inspirada nas doutrinas “socialistas y comunistas”; María Membiela Rodríguez desfilara coas súas alumnas polas rúas e rúas de Muros cantando a Internacional; Joaquín Fernández Cambeiro animaba os escolares a saudaren co puño ergueito, e tamén aos seus fillos, un dos cales, menor de idade, lucía un brazaete vermello nos primeiros días da sublevación; José Ballesta Serrano preguntaba aos nenos “si les daban algo por ir a misa o rezar el rosario”; e Andrés Sánchez Toro inculcaba aos alumnos “ideas socialistas y doctrinas antirreligiosas”. Este último, para que comprobasen que Deus non existía, “les hacía mirar en una alacena; les preguntaba si veían a Dios, y como los niños dijese que no, concluía: ‘Luego no es cierto que Dios esté en todas partes, como dicen los curas’”¹⁹.

Finalmente, as dúas mestras e dous dos mestres foron acusados de se resistir ao denominado Alzamento Nacional. A Libertad Carmen Alonso Puente apúñaselle pronunciar-se en público “contra el Movimiento Salvador”; a María Membiela Rodríguez pór a súa

¹⁶ AGA, 32/12514-43.

¹⁷ Cfr. Francisco de Luis Martín, *La FETE en la Guerra Civil española (1936-1939)* (Barcelona: Ariel, 2002).

¹⁸ Unha das preguntas do cuestionario elaborado pola Comisión depuradora coruñesa sobre a conduta profesional do maxisterio dicía así: “¿Inculcaba o inculca a sus alumnos el respeto a las Instituciones básicas de nuestra civilización, tales como Religión, Patria, familia, propiedad, jerarquía de las clases sociales, etc.?”

¹⁹ Este tipo de procedementos supostamente utilizados polo maxisterio para evidenciar a non existencia de Deus aparecen como cargo en varios expedientes de depuración. As tentativas de demostración eran bastante puerís, aínda que nenos tamén eran os seus destinatarios, e non menos puerís resultaban outras probas con que se pretendía demostrar exactamente o contrario.

radio a disposición dos resistentes: “Si captaba noticias favorables al Movimiento, cambiaba la estación; si eran contrarias, aplaudía, daba vivas a la República y a Azaña”²⁰; a José Ballesta Serrano “haber ejercido el control revolucionario en Louro durante los breves días que allí imperaron los escopeteros”; e a Francisco Rodríguez Suárez, de quen nos ocuparemos máis adiante, “haber organizado en Serres el levantamiento contra e Ejército.

Nº 264366 *meve*

Núm. de orden 10

MINISTERIO DE COMUNICACIONES
DIRECCIÓN GENERAL DE TELECOMUNICACIÓN
Servicio de Radiofusión

LICENCIA para uso de aparato RADIO-RECEPTOR en domicilio particular: D. María Membiola de Aller
domiciliado en Seix

satisface CINCO pesetas por la presente licencia, valedera hasta el 31 de Diciembre de 1935.

Alfonso Juncos El Jefe de Telégrafos
MAR. 1936

PARA EL INTERESADO

IMP. BARRIOS. MADRID. TELÉF. 31496

TELÉGRAFOS DE SAN PEDRO

María Membiola Rodríguez, acusada de aceptar unha radio do alcalde republicano de Muros, demostrou que o aparello en cuestión era da súa propiedade.

Ademais dos cargos mencionados, existen outros de carácter singular, entre os que salienta o primeiro dos formulados contra Alonso Puente, consistente en “haber aumentado su nombre, que es Carmen, con el de Libertad, para patentizar así sus ideas extremistas”, o que era falso, como demostrou a interesada cun certificado de nacemento. No prego de cargos desta mesma mestra tamén figura o de “ser tan antiespañola que llegó a decir que antes de dar un Viva a España prefería la muerte.”

As nosas mestras e os nosos mestres negaban polo regular os cargos que se lles facían, que en ocasións resultaba complicado rebater, por careceren dun referente empírico preciso, e presentaban as probas de descargo que se viron obrigados a mendigar de alcaldes, curas, gardas e outras autoridades e persoas adictas ao novo réxime. Houbo,

²⁰ Tamén foi acusada por Benjamín Formoso Crespo, designado como veciño de confianza para declarar no expediente de depuración, de pronunciar palabras subversivas nun desfile dos militares sublevados e das milicias celebrado na cidade da Coruña, o que resulta bastante incríbel. Referíndose a eles diría: “estos son los causantes de la ruina de España, a todos ellos habría que cortarle[s] la cabeza, hacerle[s] como a Calvo Sotelo, ellos tienen la culpa de todo y el estar yo sin escuela.”

porén, quen admitiu, como Paulino Núñez de Arenas, exercer de interventor nas eleccións de 1936, estar afiliado á FETE e “simpatizar con las aspiraciones de la clase obrera menesterosa, cuyo drama de miseria me rodeaba, y al que mi corazón no podía permanecer insensible”, advertindo que a tal drama tamén era sensíbel a Revolución Nacional Sindicalista –sempre pendente, como ben se sabe–. En todo caso, a Comisión depuradora coruñesa propuxo a separación definitiva da escola de todos e todas, mortos incluídos, estes para efectos administrativos, que outros non podía ter.

Entre os sancionados fórbase tecendo ao longo do período republicano unha mesta rede de relacións, favorecida pola efervescencia pedagóxica –os centros de colaboración pedagóxica requirían reunións periódicas do maxisterio–, política e sindical propia da época. De Libertad Carmen díciase que se reunía acotío con Xosé Tobío, Francisco Rodríguez e outros compañeiros; José Ballesta e Álvaro López acudían xuntos desde Louro ás reunións convocadas en Muros; un informante situaba a actuación de María Membiela “en un término medio entre D. Francisco Rodríguez y D^a Sofía Mesejo, con los que tenía íntima relación”; e de Manuel Alonso Asorey díciase que exercía como lugartenente de Tobío.

Unha boa parte deles eran da bisbarra ou de lugares próximos. Paulino Núñez de Arenas, procedente de Ciudad Real, facíase eco desta circunstancia nunha reunión dos escolares de Tal e Esteiro para conmemorar o 14 de abril: entre os sete docentes congregados, cos seus respectivos alumnos e alumnas, el era o único foráneo. Resistírase a intervir en celebracións anteriores polo seu carácter retraído, mais tamén porque “yo solamente puedo hablaros en castellano, y así, solo podría llegar, si acaso, a vuestra inteligencia, pero jamás llegaría a vuestro corazón, que es a donde precisamente querría yo penetrar”, segundo se pode ler no borrador dun discurso conservado no seu expediente de depuración. E o feito de seren do país seguramente propiciou a súa ascendencia sobre as xentes de lugar, entre as que promoveron o asociacionismo de labregos e obreiros, contribuíndo así á organización das clases populares, como teremos ocasión de comprobar. Este novo liderado constituía unha importante ameaza para o clero.


Mestres había cada vez máis, como consecuencia do plan quinquenal para a creación de 27.000 escolas aprobado pola República. En Muros o crecemento foi espectacular: as 14 escolas públicas rexistradas en xullo de 1931 convertéranse en 25 cinco anos máis tarde, o que supuña un incremento da rede escolar do 78,57%²¹. E as relacións do maxisterio cos sacerdotes estaban mudando debido á política educativa republicana. Por primeira vez na historia de España, o ensino primario sería laico, de modo que as escolas deixarían de ser unha extensión da catequese parroquial e os mestres os acólitos dos crego²². O cambio non era menor, malia que ao longo do primeiro terzo do século xx xa comezara a agromar

²¹ Os datos proceden das nóminas do maxisterio correspondentes aos meses de xullo de 1931 e 1936, Arquivo do Reino de Galicia, Educación, S. G. 4115 e 4122. Se no primeiro destes anos só había escolas en Abelleira, Esteiro, Louro, Muros, Tal e Torea, no segundo estendíanse a Baño, Badernado, Riomaíor, Creo, Bornalle e Sestaio.

²² Sobre a implantación do laicismo escolar, pode lerse o testemuño dun dos principais responsábeis da política escolar republicana: Rodolfo Llopis, *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza* (Madrid: Biblioteca Nueva, 2005, 1ª ed. 1933).

entre mestres e mestras a conciencia de seren funcionarios do Estado e, xa que logo, relativamente –convén subliñalo– independentes doutros poderes, entre eles os eclesiásticos.

José Lourido García, cura ecónomo de Santiago de Louro, fixérase cargo da parroquia o 10 de xullo de 1936, e o 12 de agosto incorporábase ao Exército, circunstancia que só lle permitía estar na localidade algúns días da semana, polo que non podía informar coa precisión e seguridade que desexaría sobre o comportamento de José Ballesta Serrano. Entrevistábase con el o 14 ou o 15 de xullo, e o mestre manifestáralle que particularmente serían amigos, pero que en materia política estarían radicalmente enfrontados, dado que el era de esquerdas, e a prol delas traballara nas últimas eleccións. Con todo, facíalle saber que na escola ofrecía unha perspectiva “crítica de todos los sistemas, desde el Catolicismo al comunismo”, e que a súa familia tiña plena liberdade para asistir aos oficios relixiosos, como así o viña facendo. El, en troques, levaba catro anos sen asistir á misa, “porque en la Iglesia se criticaba la enseñanza del Estado y como él era uno de sus representantes lo consideraba como una ofensa personal.” Polo demais, déralle garantías de que os “escopeteros” –é dicir, os resistentes– non exercerían ningunha violencia na localidade, e efectivamente así será.



A Comisión depuradora coruñesa recorría con certa frecuencia a *El Pueblo Gallego* para que acreditase a intervención dos mestres en actividades que o 18 de xullo convertera en subversivas.

Estado e Igrexa estaban enfrontados, e xa que logo tamén as figuras que representaban un e outra. O maxisterio estaba obrigado a practicar o laicismo na escola e unha parte del tamén se afastou das prácticas relixiosas. Ao dicir dos seus respectivos párrocos, Joaquín Fernández Cambeiro ía a misa e cumpría co precepto cando chegou a Tal, en 1932, mais nos últimos anos deixara de facelo; Manuel Alonso Asorey –alcumado “Casares Quiroga”– non bautizara o seu fillo nin cumpría coas obrigas relixiosas, e “solapadamente” inculcaba na escola “un amor a Azaña como hombre santo”; Libertad Carmen Alonso Puente, Paulino Núñez de Arenas Palacios e Andrés Sánchez Toro non pisaban a igrexa, e no caso deste último o párroco observaba que os alumnos tendían a imitar o comportamento do seu mestre e afastábanse das prácticas relixiosas.

María Membiela Rodríguez tamén contribuíra á perda da mocidade, auxiliada neste caso por unha radio. Aínda que inicialmente será acusada de aceptar a que o alcalde de Muros lle confiara nos primeiros días da sublevación, co compromiso de sintonizar Unión Radio de Madrid e manter así informados os veciños en clave republicana, conseguiu demostrar que era da súa propiedade e fora pagado a prazos. Admitiu, iso si, que nos primeiros días sintonizara esa emisora por orde da Alcaldía, transmitida verbalmente por varias persoas armadas que se presentaron na súa casa. É por iso que o párroco de Serres a acusaba de facer “propaganda derrotista”, pero ao mesmo tempo confirmaba que a radio en cuestión xa causara estragos antes do 18 de xullo:

Después de las elecciones de Febrero y principalmente en los pasados meses de Junio y Julio y por la noche fue cuando comenzó a dar sesiones de radio concurriendo tanta gente, grandes y pequeños, como si fuera una romería. Cuando la radio daba noticias a favor de los enemigos del Frente Popular entonces cambiaba inmediatamente, mas cuando eran favorables era ella la primera en aplaudir, dar vivas a la República y a Azaña, y al terminarse la sesión –con la ‘Internacional’– también era ella la primera que con el público la coreaba. Esta propaganda contribuyó de tal manera, sobre todo con la juventud, a pervertirla por completo [y] apartándola de la Iglesia la hizo irrespetuosa, blasfema, grosera, dinamitera, y que sin miedo a nada ni a nadie tenían la osadía de cantar por las calles la ‘Internacional’, saludar con los puños en alto y cerrados, y dar vivas al comunismo y muera al clero, etc. Consecuencia de todo lo cual fue y es que dichos delitos fueran castigados y continúan siéndolo, llevando con ello al seno de las familias el llanto y el dolor.

Os conflitos entre estas dúas figuras, a do crego e a do mestre, constitúen unha dimensión central no proceso de depuración do maxisterio. Había que axustar contas co laicismo e o anticlericalismo republicanos, e a resposta foi certamente contundente.

Unha vez trazado este cadro sintético, centraremos a nosa atención na represión sufrida por catro mestres que coñeceron o cárcere, o exilio ou a morte, ademais de seren afastados da profesión docente.

Francisco Rodríguez Suárez

En outubro de 1934, cando Asturias vivía días de revolución, en Muros circularon rumores sobre a chegada dun cargamento de armas, que se almacenaran nun dos abundantes hórreos existentes na bisbarra e que posteriormente foran distribuídas,

malia se descoñecer quen foran os seus destinatarios²³. Para esclarecer os feitos e determinar a persoa que se fixera cargo do arsenal destinado a “hacer la revolución”, o 14 de novembro presentouse en Muros o brigada e comandante do posto da Garda Civil de Noia. Interrogou primeiro a José Manuel Rodríguez Lojo, empregado, segundo o cal as armas poderían estar relacionadas coas sociedades obreiras, capitaneadas por Francisco Rodríguez Suárez, mestre de Serres; tratábase de simples rumores, aínda que el “cree” que o mestre “haya podido tenerlas o bien recibirlas”. Posteriormente tomouse declaración a Manuel Benito Filgueira, mariñeiro, que nada sabía das armas, mais confirmaba o liderado do mestre entre os obreiros, que actuaban ao seu ditado. Así que a Garda Civil se dirixiu ao domicilio deste, que foi rexistrado durante dúas horas sen que asomase ningún tipo de armamento. Aínda así, decidiron detelo –“en virtud de órdenes superiores”, advirte o brigada– como “presunto autor del hecho que se le imputa”, que, por certo, non se sabía moi ben cal era. Ese mesmo día ingresou no cárcere de Noia e ao seguinte no de Santiago, onde se instruíu o sumario por parte das autoridades militares²⁴.

Nas súas declaracións perante o brigada primeiro e o xuíz despois, Francisco fará saber que o seu domicilio xa fora rexistrado por outro brigada da Benemérita o 27 de outubro, sen que se atopase ningunha arma; que a Agrupación de Traballadores e Agricultores de Serres só estivera adscrita á UGT durante o ano 1932, e que posteriormente non formara parte de ningunha “Sociedad de resistencia por tratarse de pequeños propietarios”; que el se dera de baixa desta agrupación o 1 de setembro de 1934, aínda que non por cuestións de “carácter social”, senón por discrepancias co seu presidente en materia de repoboación forestal, que era unha das actividades principais dos asociados; que non recibira ningún tipo de armamento, e que “en su ideología no cabe cálculo alguno de agresión a nadie y ni siquiera de persecución”. Advertía que esta acusación era unha calumnia coa que se pretendía truncar a súa traxectoria como mestre, e lembraba neste sentido que José Manuel Rodríguez Lojo afirmara no seu día “que procuraría a toda costa quitarle la escuela al dicente”.

O xuíz militar de Santiago convocou oito testemuñas. Ningunha relacionou a Francisco coas armas, reais ou imaxinarias, e as máis delas crían que se trataba dunha calumnia. Unhas armas das que, en todo caso, nunca faría uso o procesado por carecer da “firmeza” necesaria para empuñalas, ao dicir do garda Manuel Cruces Manteiga, chamado tamén a declarar como veciño de Muros que era. O banqueiro Alejandro García Pérez, pola súa parte, escoitáralle dicir a José Manuel Rodríguez Lojo que “haría todo lo posible para hacerle perder la carrera” ao mestre. E o propio Rodríguez Lojo admitiu que fixera tal promesa en 1931, cando se celebraran as primeiras eleccións, que nada certo sabía sobre

²³ Tamén se dicía que uns mariñeiros das Rías Baixas comentaran na lonxa muradá que a CNT coruñesa repartira pistolas entre os seus afiliados, sen que se establecese a conexión entre unha e outra noticia no atestado da Garda Civil que delas daba conta.

²⁴ Arquivo Intermedio da Rexión Militar do Noroeste. IV Tribunal Militar. Xurisdición de Terra (Ferrol) (en adiante, AIMNOR), Causa 617/34, Fondo Santiago, Caixa 26. Sempre que non se especifique outra fonte, deberá entenderse que os datos proceden, tanto neste caso coma nos sucesivos, dos sumarios das respectivas causas.

as armas e que se sorprendía de que detivesen o mestre “solo por su declaración, puesto que no contiene acusación contra el citado encartado.”

Así as cousas, o xuíz instrutor conclúe que só resultou probada a existencia dun rumor, mais non das armas ás que se refería, polo que non procedía procesar o acusado. Consultado o auditor de guerra, este decidiu sobreeser definitivamente o caso o 23 de novembro. Ao día seguinte, Francisco recuperará a liberdade.



Francisco Rodríguez Suárez.

Algo máis de dous anos despois, o noso protagonista viuse implicado noutra causa, nesta ocasión relacionada coa resistencia aos militares que pretendían clausurar a legalidade republicana. Desta volta o resultado foi outro²⁵.

Na madrugada do 26 de xullo de 1936, un grupo de civís e carabineiros de Noia e de Muros que se resistiran á rebelión, fuxiron en dous bous atracados no porto desta última vila, o Santa Eulalia e o Santa Rosa, para evitaren ser capturados polas forzas militares,

²⁵ AIMNOR, Causa 92/37, Fondo Santiago, Caixa 37.

que se estaban a facer co control deste e doutros territorios²⁶. Aínda que se descoñecía o seu rumbo, finalmente sóbose que arribaran a Bilbao. Entre os fuxidos todos incluían a Francisco Rodríguez Suárez, coñecido co sobrenome de Paquiño, que era mestre de Serres, como xa sabemos, e natural de Abelleira, onde nacera o 24 de decembro de 1898. Segundo a descrición da xustiza militar, era de baixa estatura, moreno, pelo negro, ollos escuros, nariz e boca regulares e barba abundante.

Mais non foi así. A mesma noite en que partiron os bous, e cando dous condutores estaban facéndose cargo dun vehículo que fora requisado polos republicanos, atoparon o mestre agochado no seu interior. Preguntáronlle por que non fuxira, e contestou “que se había quedado comisionado para destruír los postes telegráficos, a lo que le dijo el declarante [Eduardo Martínez Álvarez] ‘tú que vas a cortar’ y lo obligaron a marchar, viendo en efecto que el citado Paquiño desapareció escapando por el monte.”

E na súa casa estivo até que o 10 de xaneiro de 1937 foi detido pola Garda Civil, auxiliada polas milicias das Xuventudes de Acción Popular, segundo declarará un dos seus membros, o estudante Heriberto González Agra, aínda que tal circunstancia non se fixo constar no atestado. Nese momento estaba Francisco no sobrado cortándose o pelo, e ao escoitar voces e barullo agochouse no faiado. Nas súas declaracións –primeiro aos gardas e logo ao xuíz de Muros, que se encargou de realizar os trámites iniciais do consello de guerra sumarísimo a que foi sometido– declarou que non participara nos “sucesos revolucionarios”, e que durante os seis meses que transcorreran desde a declaración do estado de guerra non tentara escapar e estivera vivindo no seu domicilio, facendo primeiro vida normal e logo sen saír da casa, para evitar posíbeis problemas. A partir da detención, e até 1940, a súa residencia serán as prisións de Muros, Compostela e A Coruña.

Unha vez efectuadas as dilixencias oportunas, o xuíz de Muros fixo un resumo relativamente equilibrado dos testemuños recibidos, pois recollía tanto os contrarios como os favorábeis. Xa en sede militar, o fiscal só atendeu aos primeiros, e acusouno de ser socialista e de fundar en Serres unha agrupación de traballadores e agricultores adscrita a esta ideoloxía e de resistirse ao denominado Movemento Nacional, acompañado do tamén mestre Xosé Tobío Mayo e doutros republicanos. A resistencia concretárase na realización de varias viaxes entre Noia e Muros nun vehículo cun letreiro que demandaba “Paso al Frente Popular”, aproveitando a ocasión para difundiren noticias falsas, como a de que Santiago e A Coruña estaban en poder dos obreiros, para desmoralizar así os partidarios dos militares, e na requisa de radios e do peixe que había na adega do bou Santa Eulalia. No seu veredicto considerou o procesado autor dun delito de rebelión militar, coa agravante de perversidade, polo que pediu para el a reclusión perpetua a morte²⁷.

²⁶ Os bous levaban 38 carabineiros e 37 civís, cuxos nomes se reproducen en Costa Rodil e Santos Suárez, *Do Sar ao Monte Louro*, 368-372. Estes mesmos autores tamén fan referencia a outras fuxidas por mar que se produciron na costa atlántica.

²⁷ Sobre a mecánica e o significado dos consellos de guerra como mecanismo de represión véxase Julio Prada Rodríguez, *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra* (Madrid: Alianza Editorial,

Juan Díaz Cardama, alférez de complemento de Artillaría, foi o encargado da defensa, que asumiu con profesionalidade, e coído que tamén con convicción, segundo deduzo da lectura dos cinco folios mecanografados que ocupa. Inicia o seu alegato manifestando que non existía base ningunha para acusar o procesado do delito de rebelión militar, nin sequer de auxilio á rebelión, mesmo tomando unicamente en consideración as probas de cargo.

Ningunha testemuña afirmaba de forma categórica que o vira realizar as devanditas viaxes entre Muros e Noia canda outros elementos da Fronte Popular, malia seren convocados polo xuíz todos os condutores que estiveran ao servizo dos republicanos nos días inmediatamente posteriores ao 18 de xullo. Só un dos declarantes aludía a esas viaxes, mais non afirmaba que o vira. Tratábase de Pablo Roura Paz, veciño de Serres, que no momento de prestar declaración –16 de xaneiro de 1937– era tenente alcalde de Muros en funcións de alcalde.

O testemuño presentado por este foi, con moito, o máis contundente. O mestre era “el principal dirigente de la política marxista del término municipal, pues fue el fundador de las Sociedades Obreras, especialmente la de Serres”. Desempeñara un importante papel nas eleccións de febreiro de 1936 e presentárase no colexio electoral de Abelleira acompañado de 40 frontepopulistas, que derribaran as portas, “obligando al deponente a huir porque le amenazaron con pistolas y el José Veloso Mayo que le acompañaba cogió una silla y dio de golpes al declarante.” Ao se concentraren en Noia os gardas civís e os carabineiros a raíz da sublevación, el e outros republicanos formaron patrullas para controlar a vila e incautáronse de armas, automóviles e radios. Nun deses días, pola noite, estoupou no xardín existente a carón da casa do declarante unha bomba de dinamita, que provocou a rotura de cristais e tamén “la muerte de tres polladas de huevos que estaban próximos a salir”, e malia descoñecer quen foran os autores, tiña a convicción de que pertencían á Sociedade de Serres, e “que obedecían las órdenes del referido Maestro”.

No patio da casa do párroco de Serres estoupou outra bomba, segundo este declarou, aínda que neste caso nin os ovos resultaran afectados, nin o párroco lle apuña ningunha responsabilidade ao noso home como posíbel autor ou indutor do atentado: carecía de calquera motivo para pensar que así fose. Máis aínda, José Franco Ramos, que así se chamaba o sacerdote, deixou constancia de que o seu compañeiro de Muros, que durante eses días estivera facendo garda na igrexa con varios rapaces, para evitar que sufrira danos, recibira aviso de Francisco coa garantía de que non tiñan nada que temer nin el nin a súa igrexa.

O procesado, en sucesivas declaracións, alegará que Roura era inimigo seu, e que xa o denunciara en varias ocasións; fora precisamente o temor a unha nova denuncia súa o que o fixera recluírse na casa. Tamén argumentará que a viaxe realizada a Noia tivera como propósito facerse cargo dunha súa irmá, sor Lourdes, e dunha tía, sor Presentación, que estaban no convento das Trinitarias, e conducilas á súa casa de Serres para evitar

2010), 163-215. Na páxina 182 podemos ler: “Discrecionalidad, libre apreciación y extenso arbitrio permitieron a los consejos de guerra condenar o exculpar a su antojo a decenas de miles de personas a las que nunca se reconocieron las más elementales garantías judiciales propias de un Estado de Derecho, quedando expuestas al crédito que sus integrantes quisiesen otorgar a las denuncias, informes y testimonios que pesaban contra ellos”.

que corresen perigo, “puesto que esto era la única garantía que podía ofrecerles por no tener autoridad sobre nadie”; así o podía confirmar a superiora do convento, como efectivamente fixo²⁸. Deixará constancia de que nos primeiros días do “movimiento marxista”, cando estaba paseando polo peirao e estouparon varios “petardos”, exclamou que “esto no puede consentirse que suceda en un pueblo pacífico como Muros”, tal como podía testemuñar o xuíz de instrución, Emilio Bartolomé. E fará constar que se distanciara da Fronte Popular a partir de febreiro, debido a que no proceso electoral actuara como representante de Pita Romero²⁹. Outro dos chamados a declarar á instancia do procesado, o avogado falanxista Ramón de Artaza Malvárez, que por esas datas estaba en León ocupándose da administración do periódico falanxista *Proa*, subliñará que Francisco fora tenente alcalde durante a Ditadura de Primo de Rivera, que non o vira intervir nos “sucesos” nin viaxar nos coches utilizados polos republicanos, que saían precisamente da praza situada a carón da residencia do declarante, e que as súas relacións coa Fronte Popular “no eran cordiales”, nomeadamente despois das eleccións de febreiro.

Tampouco existe no sumario, prosegue o defensor, ningunha proba que poña de manifesto a intervención do procesado na requisa de radios ou que se pronunciase en contra dos militares. E en relación co primeiro cargo do fiscal, apela á calidade de dúas testemuñas, o xa citado Arteaga e Perfecto Santos Otero, brigada que fora da Garda Civil de Muros entre o 15 de outubro de 1935 e o 15 de maio de 1936. O cargo que un e outro ocupaban non lles deixaría faltar á verdade para defenderen o procesado.

Pois ben, o primeiro afirmaba que o noso home non estaba relacionado coa Sociedade Obreira de Muros, de tendencia “comunista”, e que a Sociedade de Serres non a fundara el, pois xa existía, e tiña “como próxima finalidad la explotación de contratas de carreteras”, o que podía acreditar o declarante, que mesmo prestara diñeiro a Francisco para pagar os obreiros. O segundo, logo de recoñecer que o mestre era militante socialista e intervir nas eleccións a prol da Fronte Popular, advertía que a súa conduta persoal e profesional era boa, dado que “aconsejaba con buenas palabras que no cometieran violencias y otros excesos a los obreros amigos suyos, a los cuales procuraba hallarles trabajo y evitarles el paro constituyendo cooperativas que acudían a subastas de obras públicas del Estado y Diputación Provincial, llegando incluso para ello a solicitar dinero y valores con su garantía personal.” O procesado, pola súa banda, negou ser o fundador da Sociedade existente en Serres, aínda que recoñecía estar a ela afiliado co número 97, mais tamén o estaba ao Sindicato Agrícola Católico desde 1930 e á Sociedade de San Vicente de Paul desde 1932, e así o confirmarán ambas as entidades a petición das autoridades militares. E

²⁸ “Na tarde do sábado 18 de xullo, os mineiros de Lousame acoden a Noia para defender a República e van requisando armas. Pola noite, colocarán varios petardos nalgúns edificios da vila, e na madrugada do dezanove, domingo, tamén os porán na base da torre do campanario de San Martiño, orixinarán estragos nunha fiestra da casa-residencia dos frades de San Francisco, [e] romperán varias ventás nos conventos das Trinitarias. Na capela de San Bernardo sacarán os santos á rúa e prendéronlles lume.” (Costa Rodil e Santos Suárez, *Do Sar ao Monte Louro*, 31).

²⁹ Malia ser un republicano moderado e católico, o ex-ministro viuse obrigado a exiliarse. Véxase Carlos Fernández Santander, *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia (1936-1939)* (Sada: Edición do Castro, 2007), II, 915-917.

concluía que “esta sociedade non tenía carácter político alguno y sí únicamente económico, dedicándose a la contrata y construción de carreteras y a la repoblación forestal, por lo que estaba subvencionada por la Diputación provincial”, que os seus fondos “se entregaron a beneficio del Ejército al iniciarse el Movimiento Nacional” e que os seus directivos non foran obxecto de ningún tipo de censura.

No consello de guerra, celebrado en Santiago o 12 de xuño de 1937, declararon catro testemuñas, todas elas a prol do mestre: José Romero Núñez, veciño do Freixo, a quen os republicanos tentaran requisar, sen éxito, un aparello de radio cando retornaban dunha viaxe a Noia, manifestou que o procesado ía no vehículo dos republicanos –fixera nel unha parte do camiño de regreso a Muros o día que se desprazara co propósito de facerse cargo das dúas familiares monxas–, mais non fora el quen o ameazara, senón Xosé Tobío Mayo; Manuel Díaz Villaverde, brigada de Carabineiros concentrado en Noia nos días posteriores ao 18 de xullo, só o vira nesta vila cando saía do convento das Trinitarias, e non tiña noticia de que participase na resistencia; José Rodríguez Lojo sabía que desde as eleccións de febreiro “era enemigo de los elementos del Frente Popular”, algún dos cales o alcumara de “vendido y traidor”; e Ramón Pais Lamela, médico, dixo que non interviria na “revolución”, que en Muros o que acontecera fora “el armamento de marxista[s] por orden del Alcalde”, que non identificara o mestre entre os revolucionarios, que un día o vira participar como espectador nun mitin marxista e que “era maestro muy republicano, casi socialista, pero que como maestro era muy bueno”.

De pouco valeron estas declaracións. O fiscal mantivo a súa proposta de reclusión perpetua; o defensor, animado non por un “sentimiento humanitario”, senón por un “ideal de justicia”, reafirmouse na petición de absolución; o acusado reivindicou a súa inocencia e o tribunal sumouse á petición do fiscal. Transcorridos catro anos foille conmutada a pena por tres anos e catro meses de prisión, concedéndoselle desde xullo de 1940 o réxime de prisión atenuada no seu propio domicilio, baixo a vixilancia da Garda Civil de Muros, restricións que desaparecerán a partir do 26 de setembro de 1941, cando acadou a liberdade plena, por máis que esta cualificación, referida á España da época, resulte certamente sarcástica (o que non impedía que soubese a gloria).

Mentres estaba no cárcere tramitouse o seu expediente de depuración como mestre nacional. Matías Fernández de la Guerra, brigada da Garda Civil e comandante do posto de Muros, nun informe colectivo sobre o maxisterio deste concello, o de Carnota e parte do de Mazaricos, datado o 28 de agosto de 1936, afirmaba que era socialista, promotor, animador e asesor de sociedades obreiras e antirreligioso, e ademais ensinaba a saudar os nenos co puño ergueito, participara na resistencia e fuxira con dirección a Bilbao³⁰. Nos seus informes iniciais, realizados o 11 e o 18 de agosto, como subdelegado militar o primeiro e como delegado civil o segundo, Adolfo del Sel Portillo facía constar que procedía

³⁰ O informe colectivo figura no expediente de depuración de José Ballesta Serrano, AGA, 32/12510-2. Ballesta escribirá en 1938 que o brigada Fernández de la Guerra levaba uns quince días destinado en Muros cando se produciu a rebelión militar, “y en la actualidad se halla sometido a expediente para responder de los atropellos e injusticias cometidos durante el desempeño de dicho cargo.”

da escola de Torea e fora nomeado para a de Serres o 26 de agosto de 1926, e informaba en termos similares, matizando que o seu socialismo non era “violento”, senón “evolutivo”, e que seguramente non faría moita propaganda antirrelixiosa, por ser irmán do párroco da parroquia de Abelleira.

Como xa avanzamos, foi destituído da escola nos primeiros días da sublevación (BOP, 21/8/1936). En 1938 aparece incluído na listaxe de mestres repostos no seu cargo mentres non se resolvía o expediente (BOP, 17/12/1938), e en 1940 na daqueles aos que se lles recoñecía o dereito a percibiren a metade do salario durante ese mesmo período (BOP, 30/1/1940), unha vez clarificadas as súas circunstancias persoais; mais debido precisamente ás súas peculiares circunstancias –estaba no cárcere condenado a cadea perpetua, como sabemos–, é seguro que non se beneficiaría de ningunha destas dúas medidas³¹.

A Alcaldía tivo que informar de novo o 2 de xaneiro de 1937, ao se tramitar o expediente de depuración. O seu responsábel neste momento era Pablo Roura, quen engade un novo cargo: o de non atender debidamente a escola por mor das súas outras ocupacións. A Garda Civil redacta un informe similar ao do alcalde, e ademais deixa constancia de que se atopa en prisión. O que non ten desperdicio é o texto redactado polo párroco de Serres, José Franco Ramos, datado o 28 de decembro de 1936. Merece ser reproducido en case toda a súa extensión:

(...) su conducta profesional, social, religiosa, privada y política es de la más funesta y derrotista que pueda concebirse. La escuela la tuvo casi siempre en el más completo abandono y las veces que asistía lo hacía tarde y salía enseguida, dejando al frente de la enseñanza a dos niños mayores. Su enseñanza consistía en envenenar las conciencias de aquellas almas tiernas dándoles libritos impíos y comunistas. Con tales enseñanzas sus alumnos están convertidos en unos verdaderos golfos, blasfemos, comunistas y los mayorcitos ya en su temprana edad convertidos en unos viciosos. De religiosidad ni por un momento pensarlo, al contrario, todas sus propagandas eran antirreligiosas y comunistas sin tener en cuenta que tiene una madre anciana, por cierto muy católica, un hermano párroco y una hermana monja. Como muestra de su antirreligiosidad puede consignar que hizo tres años el primero de Noviembre, por la tarde, para distraer a la gente joven de que no viniese a la iglesia a rezar por sus difuntos y visitar el cementerio sin tener en cuenta que las campanas tocaban a muerto llamando por los fieles, trae de Pontevedra dos compañeros para que hablasen públicamente y en un campo contra todo lo divino. Todas sus actuaciones las dedicaba a fundar sociedades socialistas y a contratista de obras de carreteras, dirijiéndolas [sic] por el camino de la perdición. Se dedicaba además a dar mítines y procurar oradores derrotistas y sectarios. Sus relaciones eran con socialistas y comunistas, y estaba en diaria correspondencia con Largo Caballero, Azaña, Casares Quiroga y con los galleguistas Castelao y Suárez Picallo. En las elecciones votaba y llevaba de la mano a los socios de dicha sociedad a votar a los izquierdistas y en las últimas votó y votaron a los del Frente Popular.

Tengo entendido que pertenecía a la Asociación de Trabajadores de la Enseñanza y que contribuía con su óbolo al socorro rojo.

Cuando la revolución de Octubre de 1934 por haber sido denunciado por introducir armas estuvo preso en la cárcel de Santiago, pero sus amigos de perdición lo quitaron pronto. Al frente de los comunistas

³¹ Idénticas medidas adoptáronse, con idénticos resultados, no caso de Xosé Tobío Mayo. Jesús Álvaro López Brenlla aparece unicamente na segunda destas listaxes.

desarrolló en esta localidad la revolución el pasado Julio, y cuando se declaró el movimiento salvador de España, en compañía de militares y compañeros y otras personas, requisaron dos vapores –bous– que había en bahía y se escaparon de noche, y dícese que está en Bilbao.

Sorprende a contundencia do informe, que polo demais contrasta coas declaracións – ás que xa fixemos referencia– que este mesmo párroco realizará o 19 de xaneiro de 1937, é dicir, tres semanas máis tarde. O seu carácter tendencioso e hiperbólico resultan notorios. Sirvan como exemplo as relacións que se lle atribúen a Paquiño con personalidades como Azaña, Castelao ou Largo Caballero, cos que estaría en constante correspondencia.

O “veciño de solvencia” chamado a declarar, Valentín Formoso Crespo, situáboo no socialismo –organización da que era o factótum–, aínda que lindaba claramente co comunismo, orientación que procurou imprimir ás sociedades de traballadores que fundou ou contribuíu a organizar en Esteiro, Serres, Muros e Louro, adscritas á UGT. Tamén fora el o “organizador del levantamiento contra el ejército en esta, fue el que formó los guardias rojos y vajo [*sic*] sus órdenes actuaban recogiendo armas a todos [los] de derechas y sembrando el contorno de espanto por medio de bombas.”

No expediente de depuración consérvanse outros dous informes de veciños. Un asinado por Juan Lojo Ferrer, que non engade nada novo ao xa comentado, e outro de José Lamela Cernadas, seguramente parente do secretario da Comisión depuradora provincial, Ramón Lamela Cernadas, que adoitaba pedir informes complementarios a persoas da súa particular confianza. Pois ben, ao entender deste segundo informante, o noso home, lonxe de ser antirreligioso, como sostiña o párroco, aconsellaba os alumnos “como un verdadeiro maestro católico”, e a súa actuación era valorada positivamente por toda a veciñanza: “El pueblo sano lo apreciaba; pero los subversivos lo amaban. Tiene hechas obras muy buenas y caritativas, portándose con sus prójimos como si fuera un verdadero padre de la Iglesia, por eso en general todos lo apreciábamos.” Iso si, recoñecía que non atendía a escola como debería e que algúns dos oradores que convidara a falar na Sociedade Obreira de Serres sementaran o mal, que xermolara vizoso, pois a parroquia estaba “pervertida” e rendida ás ideas comunistas.

En función dos informes recibidos, a Comisión depuradora redactou os cargos, que ascendían a sete: estar integrado na Asociación de Traballadores do Ensino, contribuír no ano 1934 ao fondo de axuda para as familias dos mestres presos, fundar as sociedades da UGT de Serres, Muros, Esteiro e Louro, intervir en mitins “de matiz máis avanzado que el socialista” en Muros e Mazaricos, exercer como “fogado e intenso propagandista” da Fronte Popular, como xa anticipamos, organizar en Serres o “levantamiento contra el Ejército” e actuar a prol da Fronte Popular nas eleccións de febreiro.

Os cargos fóronlle remitidos ao cárcere da Coruña a través do xulgado militar de Santiago, pero o acusado non se defendeu. Sabía que era inútil, e se cadra xa tiña previsto abandonar o exercicio do maxisterio unha vez liberado. A Comisión propuxo por unanimidade a súa separación definitiva do servizo o 18 de outubro 1937, e as autoridades cen-

trais farán público este veredicto case tres anos despois (BOP, 8/7/1940). Ao saír do cárcere, Paquiño dedicouse á contrata de obras, oficio no que xa tiña unha longa traxectoria³².

Xosé Tobío Mayo

Na causa 92/37 contra Francisco Rodríguez Suárez, á que nos acabamos de referir, declarouse procesado e decretouse a prisión preventiva de Xosé Tobío Mayo, mestre da escola do Pósito de Pescadores de Esteiro (BOP, 29/3/1937), debido a que as dilixencias practicadas evidenciaban a súa implicación na resistencia ao exército rebelde. Xosé nacera nesta mesma localidade en 1891 e estudara durante dez anos no Seminario de Santiago antes de cursar Maxisterio.

O delegado de Orde Pública de Santiago, Bernardino Rodríguez García, informara ao xuíz militar que este mestre realizara varias viaxes entre Muros e Noia nun automóbil que lucía un cartel da Fronte Popular. Nunha desas viaxes, os fronte-populistas pararon, como xa sabemos, no Freixo, e procuraron convencer os veciños de que A Coruña estaba de novo en mans republicanas, noticia á que estes non deron creto, por saberen a través de Radio Coruña, controlada polos militares, que non era así. De modo que os republicanos muradáns decidiron requisar a radio de José Romero Núñez, ao que este se negou, advertindo que a esnaquizaría se insistían no seu propósito. Volveron ao día seguinte, ameazando agora de morte ao seu propietario –Xosé Tobío empuñaba unha pistola– se non entregaba o aparello, e como este seguiu resistíndose tomaron a decisión de... abandonaren O Freixo³³. O delegado tamén acusaba a Tobío de facer uso das armas para se apoderar das pescadas do bou Santa Rosa.

O mestre de Esteiro logrou eludir o xuízo militar, pois será efectivamente un dos que consigán fuxir do terror, mais non evitou a súa destitución da escola (BOP, 21/8/1936). No seu informe colectivo sobre o maxisterio, a Garda Civil adscribíao ao Partido Socialista e considerábao

como el maestro más peligroso de la comarca, ya por hacer alarde de ateísmo, ya por ejercer influjo, dada su fuerza de voluntad, sobre sus compañeros de profesión. Este maestro es el principal propagandista de todo el partido [judicial] de los ideales extremistas de izquierda; enseña a los niños de su escuela a saludar a los sacerdotes y otras personas con el puño en alto y a dirigir a los primeros en voz alta la expresión ofensiva Gua-Gua, simulando el graznido del cuervo; cuando se celebraron las últimas elecciones del mes de febrero mandó pintar unos carteles, con hombres desnudos y llevando bonetes

³² Costa Rodil e Santos Suárez, "De Padrón a Muros", 74.

³³ A requisita de radios non tivo, polo que parece, moito éxito. O alcalde, José Veloso Mayo, ordenara ao garda municipal Manuel Lago Ramos facerse cargo da radio do Pósito de Pescadores de Louro, e ao se negaren os veciños a entregalo, o único que conseguiu foi facerse con dúas ou tres lámpadas do aparello (Causa 92/37). Non existen, cando menos nesta causa, indicios de violencia contra as persoas por parte dos sectores republicanos. Xerardo Díaz Fernández, preso no cárcere de Compostela, así o confirma, facéndose eco dos testemuños de compañeiros procedentes de diversos lugares da provincia coruñesa, Muros entre eles: nos primeiros días da sublevación, cando gardas e carabineiros se concentraron en Noia e os concellos estiveron en mans das esquerdas, non pasou "nada; soamente se vixilou para que non houbera desmáns, para gardar a tranquilidade. En xeral, nada pasou; i eso non o tiveron en conta [os rebeldes]" (*Os que non morreron*, Sada, Edicións do Castro, 1982, 67).

para ridiculizar al Clero. Intervino en el pasado movimiento [de resistencia á sublevación] y también se ausentó con el Capitán de Carabineros³⁴.

Fora nomeado para esta escola, procedente da do Freixo (Outes), o 28 de xaneiro de 1929. Os informes sobre o seu comportamento resultaron todos negativos –o sacerdote concluíra que “sus prédicas hicieron bastante daño”–, algún mesmo no aspecto profesional, e a Comisión depuradora provincial, atendendo ao seu destacadísimo labor na Fronte Popular, dirección de sociedades obreiras e pertenza á Asociación de Traballadores do Ensino acordou propor á Comisión de Cultura e Ensino a súa separación definitiva do maxisterio o 17 de abril de 1937³⁵, decisión que o Ministerio de Educación Nacional fará súa e publicará o 11 de maio de 1940.

Durante a guerra exercerá a docencia no grupo escolar Goya de Madrid, cara a onde partira nos primeiros días das vacacións do mes de xullo de 1936 co propósito de buscar a súa familia e retornar con ela a Galicia para pasar o verán, segundo se fai constar en declaración xurada que figura no seu expediente de depuración. Ao se ver confinado en Madrid, por mor da guerra, presentouse na inspección de ensino primario, que lle asignou o devandito centro escolar. Posteriormente foi trasladado a Barcelona e nomeado de forma provisoria mestre da escola de nenos de Castellar del Vallès, e máis adiante encargouse das escolas de Peralada e La Selva de Mar, pertencentes as dúas a Girona. “Liberada Cataluña por el Ejército Nacional, me trasladé a la República Argentina, 1939. En 18 de febrero de 1948, fui repatriado por el Consulado General de España en Buenos Aires.”

Non alude nesta declaración ao seu paso por Francia nin a ningunha das súas peripecias posteriores, das que nos informa Francisco Abeijón Núñez:

Rematada a guerra, Conroa [tal era o seu alcume] pasará a Francia e ao igual que moitos republicanos españois tivo que agardar nun campo de concentración de refuxiados a que un vapor o trasladase á illa de Santo Domingo. En novembro de 1939 viaxaría a Venezuela, onde subsistiu dando clases particulares e mesmo colocando cristais nos edificios en construción. Posteriormente pasará por Panamá e Chile para recalar finalmente na Arxentina. Gracias a uns carpinteiros de ribeira do Freixo (Outes) conseguiu un traballo de contable nun asteleiro. Será en Bos Aires onde funde xunto con Manuel García Gerpe e Manuel Varela Buján a folla “Crisol Gallego” que saía publicada no xornal Sábado. En 1941 publicará na editorial Celta o seu poemario *Espiñas* [a súa capa foi ilustrada por Castelao]³⁶.



Instalado de novo en Galicia, en 1949 solicitou a revisión do seu expediente de depuración. O Xulgado Superior de Revisións, considerando que o mestre non contestara os cargos formulados pola Comisión depuradora coruñesa por estar en Madrid “al estallar el Movimiento Nacional”, o que, dito así, non era certo; que os informes remitidos lle eran favorábeis, e ao dicir do párroco mesmo criticara a retirada dos crucifixos das escolas nunha reunión do maxisterio coa inspección de ensino primario celebrada en 1934; que preparara varios alumnos para ingresaren no Seminario de Santiago; que o alcalde daba fe de que en Esteiro non

³⁴ Expediente de depuración de José Ballesta Serrano, AGA, 32/12510-02.

³⁵ AGA, 42/8786-7

³⁶ Francisco Abeijón Núñez, “A nosa xente: Xosé Tobío Mayo”, *The Muros Times* (<https://themurostimes.com/2015/02/24/a-nosa-xente-xose-tobio-mayo/>; última consulta: 4 de agosto de 2019).

houbera “sociedades de tipo marxista ni de otra filiación política”, e si o Sindicato Católico Agrícola, do que o mestre fora socio fundador, e que non lle constaba a súa militancia en ningún partido político de esquerdas; que non fora condenado nin xulgado polos tribunais militares e, finalmente, que xa cumprira 64 anos, acordou propor a anulación da orde de separación e o seu reingreso no servizo coa sanción de traslado fóra da provincia por cinco anos e inhabilitación para exercer cargos directivos e de confianza, proposta que foi confirmada polas autoridades ministeriais en decembro de 1955. Tres anos despois, Tobío Mayo solicitou, agora na súa condición de mestre da escola unitaria de nenos de San Xosé de Ribarteme (As Neves), unha nova revisión, que conduciu en 1959 á resolución do expediente sen ningún tipo de sanción, polo que puido retornar ao seu Esteiro natal.



Carta de Xosé Tobío a M. Guzmán e F. Prego.

Jesús Babío Calleja, o delegado do Xulgado de revisións na provincia coruñesa, formulou o prego de cargos ao que debía responder o sancionado, e fíxoo “siguendo el mismo criterio de dureza que presidió la actuación de las Comisiones Depuradoras en los primeros momentos de su creación”. Tal criterio obedecía ao propósito de “provocar las reacciones máximas y naturales de defensa en el inculpado con el fin de buscar la verdad”. No presente caso, a dureza dos cargos tamén obedecía a unha inquietante carta que figuraba no expediente, “dirigida a dos destacados miembros del Frente Popular y amigos del nefasto Casares Quiroga”. En todo caso, ao seu entender o mestre non fora “un dirigente izquierdista peligroso”, polo que procedía atender a solicitude de revisión, tendo en conta ademais as novas orientacións que se viñan aplicando nesta materia.

Na súa resposta aos cargos, Tobío négaos todos, como é facilmente comprensíbel e, a meu entender, absolutamente lexítimo. Non formara parte da Fronte Popular, porque esta era unha agrupación de partidos, e a el non se lle acusaba de militar en ningún —esta argumentación proliferaba nos expedientes de depuración—; non organizara “sociedades marxistas” en Esteiro, dado que nesta vila só existira o Sindicato Católico Agrario, do que el fora fundador, e ao disolverse este creouse a “Protección Social Esteirana”, que era unha cooperativa de carácter agrario, como podía comprobarse nos seus estatutos; a súa ideoloxía política non fora extremista, non realizara labores de carácter propagandístico

nin exercera como dirixente esquerdista; non era antirreligioso, e así o puña de manifesto a súa condición de notario eclesiástico –previa ao 18 de xullo de 1936–, a súa actitude contraria á retirada dos crucifixos das escolas, “proceder que estuvo a punto de suponerme la pérdida del destino”, e os moitos alumnos que preparara para cursar estudos eclesiásticos; non opuxera resistencia aos sublevados, como tampouco o fixeran o resto dos veciños; non abandonara o destino, senón que, aproveitando as vacacións de verán, viaxara despois do 18 de xullo a Madrid, onde vivían os seus fillos e a súa muller, mestra nun grupo escolar da cidade, e logo, ao se converter en guerra o que el consideraba inicialmente unha “revuelta momentánea”, non puidera reintegrarse á escola.

En relación coa misiva por el escrita, que tanto inquietaba a Jesús Babío, entendía que non era moito o que podía dicir, dado que só se lle transcribían uns anacos descontextualizados. A carta, incluída no expediente de depuración, está escrita nunha cuartilla que leva o cuño de *IZQUIERDA REPUBLICANA. AGRUPACIÓN MUNICIPAL. ESTEIRO* (Muros), ten data de 27 de novembro de 1935 e os seus destinatarios eran os coruñeses M. Guzmán e F. Prego. Trátase, sen dubida, de Manuel Guzmán García, elixido deputado en 1936, e de Francisco Prego Campos, funcionario do concello coruñés; ambos serán fusilados en Punta Herminia o 31 de agosto de 1936³⁷. Tobío lembraba na misiva que dous días antes, “por ausencia de nuestro presidente”, enviara a Negreira “la credencial para nuestra representación el día treinta en la asamblea extraordinaria. En la carta que le mandaba ya le indicaba se pusiera al habla con Vds. y de común acuerdo operar con mano segura para que ciertas enfermedades no vuelvan a retoñar.” E remataba despedíndose dos amigos e correligionarios e enviando a “apreta para todos de quen vos estreita na y-alma”. Á súa vez, Velete (a dona de Conroa?) escribía: “Quedamos con moito afán por saber o resultado do parto.”

Pois ben, Tobío afirma nos descargos que a presunción de que tales palabras aludían á “represión del supuestamente nacido, o en trance de nacer, Movimiento Nacional”, carecía de sentido, dado que nese momento Gil Robles ocupaba o Ministerio de Guerra e Franco a xefatura do Estado Maior Central. Fora despois das eleccións de febreiro de 1936 cando cobrara forma e forza o proxecto golpista.

Finalmente, e unha vez sufrido este “humillante xuízo de revisión”, como acertadamente o cualifica Francisco Abeijón, as autoridades educativas permitíronlle reincorporarse á escola pública. Con anterioridade, e segundo este mesmo autor, dera clases particulares, coma moitos outros represaliados: “Conroa non perdería a súa condición de mestre, xa que daría escola na súa casa da Graís a varias xeracións de esteiráns que o idolatrarón.”

O seu segundo destino, despois do reingreso na escola pública, foi Esteiro, a súa vila natal, onde tivo como compañeiro a Víctor Campio Pereira. Xuntos compartiron moitos paseos e moitas conversas, que lle permitiron a Víctor coñecer algunhas das peripecias protagonizadas por Conroa:

³⁷ Luis Lamela García, *Estampas de injusticia. La Guerra Civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión* (Sada: Edicións do Castro, 1998), 232-236 e 278-286, e *A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión* (Sada: Edicións do Castro, 2005), 112-115.

A través da nosa conversa cotiá, fun coñecendo os fitos máis dramáticos da súa peripecia vital: a terrífica escenografía da guerra civil española nas trincheiras do norte, onde el loitou de miliciano; a deplorable caída no visgo trampón dos campos de concentración franceses; a súa chegada, derrotado, ás ribeiras da outra banda do Atlántico; os seus primeiros contactos coa colectividade galega de Buenos Aires; a sostida loita antiperonista que lle custou moitas noites de dramática persecución policial polas rúas da cidade porteña; ou a imperecedeira amizade con Castelao, de quen el foi lazaríño e testemuña de excepción dunha parte da súa vida, recollida en innumerables anécdotas³⁸.

Será tamén Campio Pereira o depositario do orixinal da novela *O frade das dúas almas*, cuxa primeira versión databa de 1935, co encargo de que fixese as xestións para a súa publicación “cando cheguen mellores tempos, que de seguro han chegar, aínda que eu xa non poda velos”³⁹.

Rafael Pardo Carmona

O 8 de outubro de 1934, coincidindo cos sucesos revolucionarios que tiveron Asturias como principal escenario, dous gardas de seguridade detiveron na rúas da cidade vella de Santiago de Compostela sete persoas por sospeitaren que estaban a celebrar unha reunión clandestina. A sospeita baseábase en que, ao se aproximaren os axentes, os reunidos na rúa Nova, que inicialmente ascendían a uns quince, liscaran polas rúas e calexóns limítrofes, de modo que só se puideran capturar sete. Un deles era Rafael Pardo Carmona, natural de Santiago, de 35 anos de idade e destinado como mestre nacional en Rial –parroquia pertencente daquela ao concello de Buxán e agora ao de Val do Dubra–, tres eran estudantes, un empregado, un camareiro e outro industrial⁴⁰.

As persoas detidas negaron a acusación, e Pardo Carmona declarou en comisaría que fora detido cando estaba escoitando a radio no calexón do Toural en compañía de José Devesa Areosa. Posteriormente, ao ser interrogado polo xuíz, e despois de recoñecer que no seu día fora procesado por un presunto delito de lesións do que resultara absolto, o mestre afirmou que lle deran o alto cando paseaba pola rúa Nova en compañía do industrial Devesa Areosa e “se acercó este a un grupo formado por dos o tres homes para pedir un papel de fumar”. Admitiu tamén que pertencía ao Partido Socialista e á Asociación de Traballadores do Ensino, sen exercer cargo de relevo en ningunha das dúas organizacións.

O xuíz concedeu credibilidade ao cargo que se lles apuña e considerou que estaban comprendidos no bando que declaraba o estado de guerra dado a coñecer na cidade o 6 de outubro, polo que acordou ditar auto de procesamento e prisión para todos os detidos, cuxos “antecedentes hacen suponer ideas revolucionarias.” O auditor da Oitava División Militar decidiu, pola contra, sobreeser o caso por non existiren probas que permitisen demostrar a existencia de reunión ilegal.

³⁸ Víctor Campio Pereira, “Con Tobío Mayo polos vieiros de aquí e de acolá”, limiar a Xosé Tobío Mayo, *O Frade de dúas almas* (Vigo: Galaxia, 2009), 13; edición, introdución e notas de Teresa López e Xoán López Viñas.

³⁹ *Ibidem*, 19.

⁴⁰ AIMNOR, Causa 157/34, Fondo Santiago, Caixa 22.

Transcorridos dous anos, Pardo Carmona enfrontouse de novo a un tribunal militar, acusado agora de traizón debido á súa participación na resistencia compostelán aos sublevados⁴¹. O seu avogado defensor, o capitán de Artillería Manuel Saavedra Ascáriz, que tamén asumiu a defensa doutro dos detidos, Jesús Lema Lema, negaba a existencia de tal delito. En primeiro lugar, porque o Código de Xustiza Militar declaraba comprendidos no delito de traizón os que “en campaña o territorio declarado en estado de guerra” cometesen determinados actos, e en Santiago o estado de guerra declararase con posterioridade aos feitos que se dirimían. E en segundo lugar, porque os seus defendidos non eran responsábeis de ningún dos actos incluídos no devandito delito⁴².

No tocante a Rafael Pardo Carmona, era acusado de organizar e dar instrucións aos milicianos concentrados na praza do Obradoiro, pero a única proba consistía no testemuño dun garda municipal, que ben podería estar trabucado na súa apreciación, dada a distancia a que se atopaban ambos e a cantidade de xente congregada nese lugar. Ademais, non resultaba críbel que se encomendase o mando das milicias ao seu defendido,

puesto que los que mandaban y disponían de todo eran los Comités y estos estaban formados por presidentes y secretarios de los distintos partidos políticos y Rafael Pardo Carmona no pertenecía a ninguno de ellos y la prueba la tenemos en que Rafael Pardo Carmona es Maestro Nacional y en el año 1934 se encontraba desempeñando una escuela y mediante expediente fue desposeído de ella por un Inspector Socialista llamado Don Jesús Muñoz Gaspar, hoy destituido. Después de eso se le dio una escuela de inferior categoría a la que tenía anteriormente, recurriendo en alzada al Ministerio de Instrucción Pública y no se le hizo caso dejándolo cesante. ¡Ah señores del Consejo! Si Rafael Pardo Carmona perteneciese al “Frente Popular” o formase parte de los comités que militan en el mismo, ¿no estaría colocado en una Escuela que fuese de su agrado? Seguro que después del 16 de febrero, que fue cuando se formó el gobierno del “Frente Popular”, le hubiesen dado todo cuanto pidiese, aunque para ello hubiese que destituir a la persona más santa, pues ya sabéis señores del Consejo, que los elementos que componían el “Frente Popular”, no tenían inconveniente en decretar cesantías de las personas que no fuesen de su ideología política, valiéndose para ello de todos los medios más ilegales para conseguir sus fines, aunque fuese arbitrariamente.

O defensor rematou o seu alegato pedindo a libre absolución de Pardo Carmona, que no consello de guerra negou ser un dos organizadores das milicias armadas e manifestou a súa conformidade co avogado. O tribunal acordou condenar a morte, por un delito consumado de rebelión, a once dos procesados –ente eles Rafael– e a cadea perpetua os dous restantes. No recurso que presentou contra esta sentenza, o defensor reiterou o argumentario e advertiu que o mestre fora vulgado por traizón e condenado por rebelión, “cosa prohibida por la Ley y por la Doctrina.”

De nada serviu o recurso. Rafael Pardo Carmona foi executado canda os seus compañeiros. Nin sequera lle deixaron despedirse da familia. Tivo que dicir o seu derradeiro

⁴¹ Luis Lamela García, 1936. *La “Cruzada” en Compostela. La Guerra Civil y la represión franquista en los documentos policiales y militares* (Sada: Edicións do Castro, 2005).

⁴² AIMNOR, Causa 231/36, Fondo Santiago, Caixa 28.

adeus ao irmán Pepe e ás irmáns Elvira⁴³ e Elena, así como aos seus sobriños, a través dunha densa e intensa carta, da que reproducimos algúns anacos:

La vida me la arrebatan en nombre de un Dios de la forma más cobarde, cruel y asesina y sin haber cometido otro delito que el de consagrar mis ideales limpios de ambición y del más leve prejuicio en beneficio de la causa de la libertad que solo los hombres de sentimiento humano pueden concebir para desterrar de una vez y para siempre las iniquidades y diferencias [...].

Y muero anhelando por una patria redimida de tiranías y falsedades, por una tierra libre, de seres conscientes e inspirados en un campo de equidad y de justicia, para que jamás en ningún tiempo vuelva a hacer presa en vuestros corazones el terror, la infamia y la vil crueldad de los que en esta hora desenvainan descaradamente la espada fingiendo una causa que solo sirve a favor de sus malvadas apetencias vertiendo y derramando la sangre de los verdaderos justos como lo son nuestros leales hermanos⁴⁴.

Como a maquinaria depuradora non diferenciaba entre vivos e mortos, Rafael foi sometido ao proceso de depuración. Os informes regulamentarios foron solicitados ao Concello de Buxán, pois en Muros, municipio ao que fora destinado, concretamente á escola de Baño-Serres, non chegou a exercer a profesión. O alcalde, nun oficio datado o 24 de maio de 1938, comunicou á Comisión depuradora que non estimaba necesario informar, dado que a persoa pola que se lle preguntaba estaba morta. Quen si informou, e polo miúdo, foi o párroco de Rial, Manuel Pose Rodríguez, ao que a Comisión depuradora lle encomendou que seleccionase un pai de familia para que emitise o seu parecer sobre o mestre. No escrito de remisión dos dous documentos, o párroco, logo de afirmar que “poco pueden importar a los muertos los informes”, e que mellor sería pedilos ao tribunal militar que o xulgou ou á Garda Civil, concluíu: “Aquí ha hecho muchísimo daño con su mal ejemplo y su propaganda, que ha de costar mucho tiempo y trabajo, tanto a curas como a maestros, neutralizar su obra”⁴⁵.

No seu informe particular, Manuel Pose Rodríguez afirmaba que o mestre faltaba con frecuencia á escola, “pasando meses y meses sin abrirla un solo día”, polo que fora sancionado en 1936, e que cando asistía era para inculcar aos rapaces “ideas y prácticas ateístas y comunistas”, predicando a rebelión contra a relixión e a organización social vixente; a súa conduta particular “era de lo más abyecto y depravado”; fora dirixente da Fronte Popular e membro do “comité revolucionario” –é dicir, do Comité de Defensa da República de Santiago–, polo que resultara executado; e “ni aun a la hora de la muerte quiso enmendarse de sus yerros, pues murió impenitente y con el puño en alto”⁴⁶. José García, que así se chamaba o pai de familia, pronunciábase de modo similar –os dous informes semellan estar escritos pola mesma máquina de cinta vermella–, e engadía que “incluso en la escuela profería amenazas públicas contra las autoridades, entre ellas el párroco, y con


⁴³ Elvira Pardo Carmona foi suspendida de emprego e soldo durante seis meses polos militares (BOP, 1/9/1936), aumentados posteriormente a doce (BOP, 15/9/1936). O seu expediente de depuración resolveuse co traslado fóra da provincia durante cinco anos e inhabilitación para o exercicio de cargos directivos e de confianza (BOP, 21/9/1940).

⁴⁴ Carta reproducida por Costa Rodil e Santos Suárez, “De Padrón a Muros”, 99-100.

⁴⁵ AGA, 32/12525-1.

⁴⁶ Só dous dos dez executados no cemiterio de Boisaca por defenderen a República aceptaron os auxilios espirituais (*El Compostelano*, 3 de decembro de 1936).

una escopeta señalando en distintas direcciones, inducía a los niños al atentado personal, diciéndoles: el primer tiro para el cura, el segundo para el alcalde, etc.”



Acta da Comisión depuradora coruñesa en que se propón a separación do ensino de Rafael Pardo Carmona.

O informe do párroco evidencia un enfrontamento radical con Pardo Carmona. Sabemos, neste sentido, que en 1930 este polemizou na prensa con alguén que asinaba os seus escritos como “Un presbítero de Rial”, que ben podería ser o propio Pose. O presbítero cuestionaba o discurso pronunciado por outro mestre con motivo da Festa da Arboresnel afirmábase que existía “equidad de eficacias y dignidades entre Escuela e Iglesia”, e sostiña asemade o “supremo” dereito das autoridades eclesíásticas a inspeccionar a actuación educativa do maxisterio. “Si así fuese”, concluía Rafael, “yo renunciaría a mi cometido, para no tener que transigir con esa condición de tutoría”⁴⁷. Os mestres non querían seguir sendo acólitos dos curas, e así o advertían algúns nas vésperas da República.

⁴⁷ “Para “Un Presbítero de Buján”, *El Pueblo Gallego*, 14 de xuño de 1930. A polémica iniciárase neste mesmo xornal o 3 de maio e tivo continuidade o 22 de xullo.

Jesús Álvaro López Brenlla

O último mestre incluído neste traballo naceu no lugar das Travesas, pertencente á parroquia de Santa Sabiña (Santa Comba), ás dúas da mañá do 28 de novembro de 1911⁴⁸. En febreiro de 1931, pouco antes de se proclamar a República, foi nomeado mestre interino da escola de Verdes (Coristanco)⁴⁹, e posteriormente rexentou a escola de nenos de Louro, da que tomou posesión o 23 de outubro de 1934, segundo consta no seu expediente de depuración⁵⁰. A finais de 1935 aprobou os Cursiños de Selección Profesional do Maxisterio que tiveron lugar en Santiago de Compostela, nos cales conseguiu o número oito entre os 40 homes que os superaron no seu tribunal⁵¹.

O 11 de agosto de 1936, Adolfo del Sel Portillo, alcalde-subdelegado militar de Muros, informou sobre a súa traxectoria a Jesús Quiroga, delegado militar de Instrución Pública da provincia da Coruña: tratábase dun elemento socialista e de extrema esquerda, dirixente da Fronte Popular, afiliado á Asociación de Traballadores do Ensino, lector de *Claridad*⁵², fundador en Louro dunha sociedade obreira e indiferente en materia relixiosa. Sete días máis tarde, esta mesma persoa, convertida agora en delegado civil, figura que acababa de ser creada, ampliaba e matizaba o seu informe inicial: a sociedade obreira estaba formada por uns 50 rapaces e adscrita á UGT, o mestre facía propaganda comunista e antirrelixiosa, asistira como delegado ao Congreso Rexional de Traballadores do Ensino que tivera lugar en Vigo entre o 17 e o 24 de maio último⁵³ e inculcaba nos nenos ideas contrarias á relixión católica, entre elas as darwinistas.

O 28 de agosto, cando o mestre xa fora destituído (BOP, 21/8/1936), Matías Fernández de la Guerra, comandante do posto da Garda Civil de Muros, nun informe colectivo sobre o maxisterio ao que xa aludimos, reproducía no fundamental o consignado pola alcaldía, engadindo: “Simpatizaba con los revolucionarios [tal era a denominación que se apuña aos defensores da República] aunque no ha intervenido por miedo”⁵⁴. Alguén fíxolle sa-

⁴⁸ Agradezo aos seus sobriños Marcos e Víctor Villar López a documentación e os datos que me forneceron. A satisfacción que neles produciu a noticia da miña investigación permitiume percibir a relevancia social deste tipo de traballos, como tamén a percibín a finais do pasado século cando reconstruí o martirio a que foi sometido outro mestre, Arximiro Rico Trabada. O 14 de agosto de 2019 reuníme en Baio (Zas) con Marcos, Víctor e os seus irmáns Alfonso, Francisco, Jesús Álvaro e Juan Antonio. Falamos do seu tío mestre, aínda que na memoria familiar escasean os datos sobre el, pois a nai de todos estes homes, morta en 2005, resistíase a falar do seu irmán. O terror que sementaron os fascistas –reactivado pola tentativa golpista de 1981– impediálle facelo. En todo caso, a derradeira lección de don Álvaro deixou a súa pegada nos fillos desta muller.

⁴⁹ *La Voz de Galicia*, 5/2/1931.

⁵⁰ AGA, 32/12512-17.

⁵¹ *El Pueblo Gallego*, 21/12/1935.

⁵² Este periódico tiña unha orientación socialista e estaba adscrito á liña defendida Largo Caballero.

⁵³ A presidenta do Consello Local de Primeiro Ensino trasladou ao delegado civil, a petición deste, o escrito que o mestre lle remitira no seu día. Nel facíalle saber que contaba con permiso oficial do Ministerio de Instrución Pública para asistir ao Congreso Rexional de Traballadores do Ensino como delegado da zona de Santiago, polo que suspendía as clases, e despedíase cun “Salud y República”. O delegado civil informou do contido deste escrito á inspectora de zona, que lle preguntara se o Consello Local concedera autorización ao mestre para tales efectos (AGA, 32/12512-17).

⁵⁴ AGA, 32/12510-2.

ber a José Leseduarte González, capitán da Garda Civil e delegado de Orde Pública en Santiago de Compostela, que non fora así, segundo o delegado declarará transcorridos algún días:

Que efectivamente, uno de los últimos días del mes de Agosto y teniendo conocimiento de que el Maestro de Louro (Muros) Don Jesús Álvaro López Brenlla, que a la sazón se hallaba en esta Ciudad movilizado, había sido uno de los principales cabecillas del movimiento revolucionario, por aquella Zona, le llamé a mi presencia para interrogarle sobre el particular y como confesara su actuación así como hiciera presente le constaba que en cierto sitio de la parroquia de Louro existía un depósito de armas y explosivos que pertenecían a los marxistas, depósito que estaba dispuesto a descubrir si se le dejaba ir a dicho punto, acordé acceder a ello, si bien dispuse que fuese acompañado por el Brigada Comandante del puesto de Muros [Matías Fernández de la Guerra], que se hallaba en esta Ciudad, saliendo ambos de aquí para Louro con el objeto de localizar el punto fijo donde pudieran encontrarse dichas armas y explosivos⁵⁵.

Parece, pois, que Jesús Álvaro López Brenlla foi incorporado ao exército rebelde –nel serán moitos os republicanos que achen un refuxio máis ou menos seguro–, que alguén o acusou de se resistir á sublevación, e que el, no canto de negar a imputación que se lle facía, aceptouna, e mesmo recoñeceu saber onde estaba agochado un depósito de armas e de explosivos e estar disposto a identificar a súa localización.



Jesús Álvaro López Brenlla.

⁵⁵ A declaración foi prestada o 23 de setembro a petición do xuíz de instrución de Muros, que tramitou a Causa 802/36 por delegación das autoridades militares. O sumario está depositado no AIMNOR, Fondo A Coruña, Caixa 10.

O brigada, pola súa parte, declarou que se lle encomendara tal servizo o 31 de agosto, e que ese mesmo día recollera o mestre no depósito municipal de Compostela e se dirixira con el nunha camioneta cara a Muros, en cuxo cárcere ingresara o detido, por chegaren á vila demasiado tarde para realizaren a encomenda recibida. Ao día seguinte, algo antes do abrente, o brigada, o garda Manuel Cruces Manteiga e os milicianos falanxistas Joaquín Roura Vieta e Benjamín Formoso Crespo, que se ocuparan de custodiar o preso –ambos eran estudantes e tiñan 24 e 26 anos, respectivamente–, subiron ao coche de aluguer de Alonso Lamela Cernadas –este declarará que serían daquela sobre as cinco da madrugada– e dirixíronse a Louro⁵⁶.

Ao chegaren ao seu destino, aparcaron o vehículo na estrada, apeáronse e pedíronlle ao mestre que identificase o lugar onde estaba o arsenal. Este colleu primeiro por un camiño existente á dereita –e que levaba a Corcubión, segundo Joaquín Roura–, mais axiña rectificou e retornou á estrada. Continuou andando, seguido pola comitiva formada polos gardas e os milicianos, e algo máis adiante desviouse por un camiño de carro que conducía a Louro. Percorridos uns 80 metros, tomou un carreiro que permitía acceder a unhas leiras de millo situadas á esquerda e a máis altura,

pero cuando había subido unas piedras pasaderas echó a correr y el declarante desde la misma orilla del camino le gritó dándole el alto por tres veces, pero como el Dn Jesús no se detuviese y por temor a que se metiese entre las plantas de maíz y se escapase, dio la orden de que hiciesen fuego, disparando inmediatamente el Guardia Cruces y los dos Milicianos que le acompañaban, viendo que caía al suelo por consecuencia de los disparos el Dn Jesús Álvaro López y como al acercarse notara que estaba muerto, dio la vuelta a Muros, para poner el parte que encabeza este sumario, dejando mientras tanto los Falangistas custodiando el cadáver hasta que llegase el Juzgado.

O xuíz, acompañado do secretario e do médico forense, presentouse no lugar dos feitos ás nove da mañá, transcorridas algo máis de tres horas desde a morte do mestre, co propósito de proceder ao levantamento do cadáver. A descrición que se fai do escenario do crime é a seguinte:

en el camino vecinal que desde la carretera asciende hasta la aldea de Louro, a unos ochenta metros de la carretera, en la margen derecha, digo izquierda de la carretera, hay un sendero que asciende de dicho camino por el lado de una finca con plantas de maíz más alta que dicho camino y a unos nueve metros del arranque de este sendero, tirado en el suelo, acostado con las piernas encogidas, se halla el cadáver del que fue Maestro de este lugar, Don Juan [sic] Álvaro López y en el sitio en que tiene apoyada la cabeza, un gran charco de sangre. El médico forense, Don Juan Lojo Ferrer, después de reconocerlo afirma que ha fallecido y el Sr. Juez ordena que sea levantado el cadáver y conducido a la casa-fábrica de la Iglesia Parroquial de Louro, por el camino más corto, lo que realizan varios vecinos, llevando el cadáver en una escala tapado con una colcha⁵⁷.

⁵⁶ A descrición que facemos dos feitos baséase na declaración do brigada –a quen corresponde a cita literal–, complementada e contrastada coas realizadas polo garda, os dous milicianos e o condutor, realizadas todas elas o 18 de setembro en presenza do xuíz de Muros.

⁵⁷ O 30 de xullo de 2019 fixemos unha visita a Louro co propósito de identificar o lugar do crime. As veciñas coas que falamos dixéronnos que a don Álvaro o mataran na Corredoira Fonda e indicáronnos por onde quedaba. Os cambios topográficos dificultan contrastar os datos do sumario, mais todo semella indicar que o lugar foi efectivamente ese. Unha señora mesmo nos comentou que unha das leiras de millo ás que se alude era da súa

A autopsia do cadáver, que vestía traxe de mono azul, foi practicada a media tarde polo xa mencionado médico forense e o médico municipal, José Malvárez Dubert. Na cabeza presentaba dúas feridas de bala, unha con orificio de entrada na tempa dereita e de saída –con expulsión de masa encefálica– na zona mastoidea esquerda, e outra con entrada no occipital esquerdo e saída no frontal dereito. “Las lesiones que se observaron en la cavidad craneal eran mortales de necesidad y debieron producir la muerte instantáneamente, la cual data de catorce a veinte horas”, conclúen os dous facultativos. A maiores, no ombreiro dereito había unha ferida de bala que atravesara a pel de atrás cara a diante. Os disparos foran realizados polo fusil do garda e as pistolas dos dous milicianos, como eles mesmos recoñecerán.

Concluída a autopsia, a iso das oito da tarde enterráronse os restos mortais do mestre no cemiterio de Louro. Foron depositados na cuarta sepultura da fila terceira –comezando a contar polo sur do cemiterio–, á beira mesmo da destinada a dona Josefa Sendón Lamela. Pasados uns anos, os familiares trasladaron os seus restos mortais ao cemiterio de Santa Sabiña (Santa Comba)⁵⁸.

Ao día seguinte prestou declaración no xulgado municipal Carmen López Brenlla, unha estudante de 13 anos que adoitaba pasar algunhas tempadas en Louro en compañía do seu irmán –a familia era certamente numerosa: oito irmáns e tres irmás–, quen sen dúbida a axudaría nos estudos. Ao saberen os pais que Álvaro fora privado da súa escola polas autoridades militares, enviárona a Muros –onde chegou o 31 de agosto– para que se fixese cargo dos obxectos persoais do mestre, cuxa morte coñecerá na tarde do 1 de setembro. Aclarou que o primeiro nome deste non era Juan, como figuraba nas dilixencias, senón Jesús, circunstancia que confirmou o pai, Francisco Brenlla Antelo, cando foi interrogado no seu propio domicilio polo xuíz de Santa Comba o 19 de setembro. Á vista destes testemuños, rectificouse a acta de defunción para facer constar o nome correcto.

nai, á que lle prohibiron –seguramente os dous falanxistas que quedaron custodiando o cadáver– pasar co carro e as vacas pola devandita corredoira na mañá do 1 de setembro. Esa mesma muller, moi enxeñosa, compuxera no seu día, a petición dun mozo, unha copla alusiva ao lugar en cuestión, que comezaba así: “Miña Corredoira Fonda, / chora, chora e non deixes de chorar, / antes vías Monte Louro, / e agora non ves máis co mar”. Non a identificarei, pois preguntoume, cun sorriso nos beizos, se non sería policía, malia engadir deseguido que á súa idade tampouco había razóns para ter medo... O 21 de agosto dese mesmo ano desprazámonos de novo a Louro, nesta ocasión para entrevistarnos con Matilde Formoso Martínez, que nos atendeu sen ningún tipo de reserva: tiña ganas de falar de don Álvaro e de que se soubese a súa historia. Visitamos con ela o lugar por onde pasaba a Corredoira Fonda, parte do cal está ocupado na actualidade polo campo da festa, e indicounos onde estaban situadas as pedras “pasaderas” ás que se alude no sumario.

⁵⁸ Matilde da Pereira, que así é coñecida a señora á que nos referimos na nota anterior, lembra con precisión cando houbo que desenterrar os restos, que foron bicados pola nai do mestre e depositados nun nicho do cemiterio de Louro. Matilde tería daquela uns seis anos –sería contra 1942– e presenciou o desenterramento: “Tiña o cranio roto: iso vino eu”. Mentres os restos permaneceron en Louro, a nai e outros familiares acudían todos os anos a este lugar para rezar polo seu defunto. Pasado un tempo, o párroco díxolles que os podían trasladar a Santa Sabiña: “Cando queiran lévanos para o seu cemiterio. Vostedes non digan nada a ninguén”. Nin Matilde nin os sobriños do mestre lembran cando se produciu o traslado, que se realizou clandestinamente. Os sobriños de don Álvaro comunicáronme que teñen previsto instalar no cemiterio de Santa Sabiña unha pequena placa que permita identificar o lugar onde repousan os restos.

As autoridades militares, malia consideraren que a indagación das circunstancias en que se producira esta morte correspondía á xurisdición de guerra, delegaron no xuíz de instrución de Muros a tramitación do sumario. No seu ditame, Emilio Bartolomé Lojo, que así se chamaba o xuíz, despois de resumir os feitos a partir das declaracións das testemuñas xa citadas, afirma que a dilixencia ocular practicada permitía comprobar que o camiño de carro elixido polo mestre “estaba muy hundido entre fincas cultivadas de maíz que estaban más elevadas, [...] siendo lugar muy apropiado para la fuga, porque el maíz, ya muy desarrollado y alto en esta época del año, podía ocultar fácilmente a una persona y facilitarle el traslado de un punto a otro, entre el maíz que ocupa una gran extensión.”

O auditor de guerra, ao que foi remitido o sumario, concluíu que “los autores de la muerte obraron en cumplimiento de su deber”, polo que estaban exentos de calquera responsabilidade e procedía sobreeser definitivamente a causa. Do mesmo parecer foi o xeneral xefe da Oitava División, que asinou a súa conformidade con esta proposta o 23 de outubro de 1936.

Debemos preguntarnos, no entanto, se o relato xudicial se axusta á realidade. Recoñeceu realmente o noso home ser un dos actores da tentativa de resistencia muradán ao Alzamento, saber onde estaba agochado o depósito de armas e explosivos –real ou suposto– da Fronte Popular e estar disposto a identificalo co propósito de aproveitar a ocasión para fuxir, polo que escollería un escenario propicio para a fuga, como apunta o xuíz instrutor? Podería ser, pois se ben é certo que o proxecto era arriscado, non o era menos permanecer no cárcere compostelán á espera de ser *paseado* ou executado. Ora ben, mesmo nese suposto, a actuación de quen o acompañaban non resulta fácil de explicar en termos racionais. En primeiro lugar, porque catro homes armados non precisaban matar un preso indefenso, que seguramente distaba deles moi poucos metros –o cadáver estaba a nove do arranque do carreiro que daba acceso ás fincas, e seguramente non lle deixarían coller tanta distancia–, para evitar a súa fuxida, e se o seu propósito era efectivamente que non escapase, podían apuntar a unha parte do corpo menos letal. En segundo lugar, se a orde dada á Garda Civil fose realmente localizar o arsenal, e o único que del sabía era o mestre, matalo supuña abortar de raíz o servizo encomendado.

Así pois, debería barallarse outra posibilidade: que gardas e milicianos, co beneplácito ou o encargo expreso das autoridades militares, conducisen o mestre até Louro co propósito de asasinalo. Neste sentido, existe unha información que podería resultar de especial relevo. Trátase dun texto titulado “Muerte en la aldea”, publicado no blog O Fielato, que remitiu Manuel da Roura o 25 de xaneiro de 2008 coa solicitude de que se difundise⁵⁹.

Manuel, que naceu contra 1922, era alumno do noso mestre e frecuentaba o convento dos franciscanos existente preto de Louro, onde colaboraba co sancristán e a cambio aprendíanlle algo de latín. Lembra que don Álvaro –tal semella ser o nome polo que era máis coñecido– se estaba a iniciar no exercicio da profesión e respectaba rigorosamente

⁵⁹ <http://o-fielato.blogspot.com/2009/07/foi-paseado-o-nos-mestre.html> (última consulta: 16 de agosto de 2019).

o laicismo no ámbito escolar. Os frades sabían que neste dominio estaban obrigados a transixir, mais non lle perdoaron que non asistise aos oficios relixiosos. “Don Álvaro jamás nos habló de Dios ni para bien ni para mal, pero el daño estaba hecho desde el momento que ignoró a los franciscanos”.


Unha noite do mes de agosto de 1936, segundo lle comentou a Manuel o sancristán co que colaboraba, pararon dous vehículos no adro do convento, e o xefe dos gardas civís que neles viñan entrevistouse co superior dos franciscanos. Deseguido, este último dirixiuse ao mestre que traían preso, mais axiña volveu cabo do xefe da Benemérita: “No quiere. Dice que él no hizo nada malo y que no necesita confesarse”. Daquela o cabo preguntoulle que debía facer: “Haga usted lo que tiene que hacer. Haga usted lo que sea necesario en bien de Dios y de su santa Iglesia.” De modo que a comitiva seguiu o seu camiño cara á morte.

Ao chegaren ás plantacións de millo que xa coñecemos –“cuyos tallos y hojas no alcanzaban aún los treinta centímetros”, advirte Manuel, e non cabe interpretar tal observación como un cuestionamento do ditame do xuíz de instrución de Muros, pois é seguro que o descoñecía–, os feitos discorrerían como segue:

Subieron un pequeño terraplén llevando delante al preso. Un guardia, a una señal del cabo, le quitó las esposas y se retiró hacia atrás donde los demás habían ido formando un semicírculo. El cabo empuñó la pistola y los guardias descolgaron los fusiles que llevaban al hombro. “¡Váyase!”, gritó el cabo. El preso se volvió hacia el grupo, la cara aterrorizada. “¡Márchese le digo!, ¡corra!”. El preso saltó hacia el maizal y empezó a correr hacia las primeras casas del pueblo. “¡Apunten!, ¡fuego!”. El preso dio un bandazo, se inclinó hacia un lado y cayó en medio del maiz. Empezó a patalear doblando y rompiendo los tallos y las hojas tiernas. El cabo se acercó al hombre que, boca abajo, aún se movía. Le puso la pistola en la nuca y disparó⁶⁰.

Fixeron os gardas civís e os milicianos unha parada no convento de San Francisco para que o noso home tivese a oportunidade de realizar a súa derradeira confesión? Podería ser, pois a sublevación militar axiña será bautizada como cruzada contra os infieis por parte do catolicismo, e o clero procurará que os condenados a morte se confesasen antes de abandonaren este mundo. Ora ben, de lle ofreceren esa posibilidade, estaríanlle desvelando cal era o futuro que lle agardaba. Tivo a última palabra sobre o destino de Álvaro o superior do convento, como podería deducirse das palabras de Manuel da Roura? Intúo que non. A decisión seguramente a adoptaron os militares, alertados da perigosa ideoloxía do mestre por algunha denuncia, que ben podería proceder dos falanxistas. “A el matárono os falanxistas, porque dicían que era comunista”, conclúe Matilde da Pereira, que subliña a especial perversidade dun falanxista do lugar.

⁶⁰ No correo electrónico que dirixe ao responsábel do blog, o autor do texto recoñece que nel “hay una carga virtual que no niego, pero, en líneas generales, lo que escribo es cierto.” Nun segundo correo tamén admite non ter certeza de que a data da morte fose o 16 de agosto, como recollía no seu relato: “Yo puse un día que me pareció lógico, pero nunca estuve seguro de que era el exacto”.



Un dos cargos que se lle apuxo a moitas mestras e mestres coruñeses foi o de prestar axuda ás familias dos compañeiros presos con motivo dos sucesos revolucionarios de 1934.

Malia estar morto, debía sufrir o proceso de depuración. Os informes regulamentarios están datados entre xaneiro e marzo de 1937. Pablo Roura, tenente de alcalde en funcións de alcalde, considerou que non era preciso informar sobre os seus antecedentes, por máis que os redactaría se así se lle ordenaba. O brigada da Garda Civil, Matías Fernández de la Guerra, tamén considera prescindíbeis os informes –sitúa, cabe supor que por erro, a morte en outubro de 1936–, advertindo que, caso de os emitir, “desde luego todos le serían desfavorables”. O sacerdote non o coñecía –fora destinado a Louro o 10 de xullo de 1936, como xa sabemos– e limitouse a rexistrar a súa defunción no libro parroquial, de modo que só podía trasladar o que lle comentaban algúns veciños: non frecuentaba a igrexa, fundara unha sociedade de orientación esquerdistas, “cuyos socios serían lo peor del pueblo”, e rumoreábase que pertencía á Asociación de Traballadores do Ensino⁶¹.

Desta última circunstancia seguramente xa tiña coñecemento a Comisión depuradora provincial, pois contaba con listaxes dos seus membros. E algúns mestres depurados non dubidaban en delatar os seus compañeiros de pertencer a tal asociación, aínda que esta práctica, polo que puiden apreciar, era pouco común. José Turnes Muíño, mestre da Calzada de San Pedro (Santiago de Compostela) e acusado de asistir como delegado ao Congreso Rexional de Vigo, negábo e engadía: “Según tengo entendido, los delegados de Santiago fueron: Luis Rastrolo, Fernando Barcia, José Alonso Puente y A. López Brenlla”⁶². O fascismo rematará coa vida de tres deles e separará do ensino a Alonso Puente⁶³.

⁶¹ AGA, 32/12512-17.

⁶² AGA, 32/12515-15. Sobre Rastrolo e Barcia pode consultarse Lamela García, 1936. *La “Cruzada” en Compostela*, 254-264 e 285-286.

⁶³ José Alonso Puente conseguiu en decembro de 1942 que se revisase o seu expediente e se reducise a sanción a traslado fóra da provincia durante tres anos e inhabilitación para o exercicio de cargos directivos e de confianza (AGA, 32/12520-33). Era irmán de Libertad Carmen e de Alonso, médico de Ordes, que se verán obrigados a exiliarse en México, segundo consta na base de datos *Nomes e Voces*.

A Comisión depuradora provincial pediu ao xuíz de Muros que confirmase a morte do mestre, e este remitiulle a correspondente acta de defunción, en cuxa marxe aparece rectificando o nome do defunto. E o 16 de xuño de 1937 propuxo por unanimidade que se considerase destituído do seu cargo con efectos retroactivos, concretamente desde o 18 de xullo do ano anterior. O Ministerio de Educación Nacional tardará tres anos en facer pública a separación definitiva do ensino de don Álvaro, castigo que desgraciadamente só podía ter efectos administrativos (BOP, 8/7/1940). Os mortos ben podían agardar para seren destituídos.

E moito máis terán que agardar para seren recoñecidos e homenaxeados. Durante moito tempo, nin sequera chorar se podía por eles. O noso protagonista foi celebrado polos seus o 16 de agosto de 2017, nun acto que tivo lugar no Freixo de Sabardes (Outes), a carón do monumento que honra as vítimas do fascismo, onde colocaron unha placa co nome de Álvaro. Permitaseme unir-me, aínda que serodiamente, a esta homenaxe.

Bibliografía

- Costa Rodil, Xesús e Santos Suárez, Xesús. *Do Sar ao Monte Louro. Memorial da represión*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2019.
- Costa Rodil, Xesús e Santos Suárez, Xesús. “De Padrón a Muros. A represión educativa e cultural, 1936-1950.” *Barbantía* (2010): 53-101.
- De Gabriel, Narciso. “O proceso de depuración do maxisterio na provincia da Coruña.” *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación* 21 (2017): 119-158.
- De Gabriel, Narciso. “Os mestres mortos daquel verán.” *A Trabe de Ouro* 108 (2018): 15-34.
- De Luis Martín, Francisco. *La FETE en la Guerra Civil española (1936-1939)*. Barcelona: Ariel, 2002.
- Díaz Fernández, Xerardo. *Os que non morreron*. Sada: Ediciós do Castro, 1982.
- Ermida Meilán, Xosé Ramón e outros, coords., 2017. *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron*. Santiago de Compostela: Sermos Galiza.
- Ermida Meilán, Xosé Ramón. *Mortos por amor á Terra. A represión sobre o nacionalismo galego (1936-1960)*. Santiago de Compostela: Sermos Galiza, 2016.
- Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez Macho, Antonio, eds., 2018. *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Santander, Carlos. *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia (1936-1939)*. Sada: Ediciós do Castro, 2007.
- García Díaz, Jesús M. *La depuración del magisterio nacional en la provincia de A Coruña*. A Coruña: Fundación Luis Tilve, 2018.

- Grandío, Emilio, edit., 2007. *Anos de odio. Represión e Guerra Civil na provincia da Coruña*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Lamela García, Luis. Escapado. *Do monte do Pindo ao exilio pasando pola illa de San Simón*. Vigo: Xerais, 2009.
- Lamela García, Luis. 1936. *La "Cruzada" en Compostela. La Guerra Civil y la represión franquista en los documentos policiales y militares*. Sada: Edicións do Castro, 2005.
- Lamela García, Luis. *A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión*. Sada: Edicións do Castro, 2005.
- Lamela García, Luis. *Estampas de injusticia. La Guerra Civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión*. Sada: Edicións do Castro, 1998.
- Llopis, Rodolfo. *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza*. Madrid: Biblioteca Nueva, 2005, 1ª ed. 1933.
- Martín Ramos, José Luis. *El Frente Popular. Victoria y derrota de la democracia en España*. Barcelona: Pasado & Presente, 2015.
- Prada Rodríguez, Julio. *Geografía de la represión franquista en Galicia*. Madrid: Los Libros de la Catarata, 2011.
- Prada Rodríguez, Julio. *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra*. Madrid: Alianza Editorial, 2010.
- Tobío Mayo, Xosé. *O Frade de dúas almas*. Vigo: Galaxia, 2009.
- Velasco Souto, Carlos F. *Represión e alzamento militar en Galiza*. Vigo: A Nosa Terra, 2006.